



NOMEAMENTOS NA ÁREA SANITARIA DE VIGO: NOVA XEFA DO SERVIZO DE MEDICINA INTENSIVA E NOVO XEFE DO SERVIZO DE UROLOXÍA

- *A resolución da provisión de postos acaba de ser publicada recentemente no DOG*
- *A doutora Posada González posúe unha experiencia acumulada de preto de 30 anos en Medicina Intensiva, ocupando a mesma xefatura de servizo no Complexo Hospitalario de Pontevedra*
- *O doutor Enrique Cespón leva preto de 30 anos desenvolvendo a súa actividade no ámbito da Uroloxía, os 20 últimos no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo*

Vigo, 6 de maio de 2024. O Diario Oficial de Galicia publicou nas últimas datas as resolucións da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo das convocatorias públicas para a provisión dos postos de xefa ou xefe dos Servizos de Uroloxía e Medicina Intensiva, tras presentar as súas propostas de xestión do servizo perante as correspondentes Comisións de Avaliación.

Así, segundo se publica no DOG do 2 de maio, a doutora *María del Pilar Posada González* é a nova xefa do Servizo de Medicina Intensiva. Posada González é licenciada e doutora en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela. Formouse como especialista en Medicina Intensiva no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, desenvolvendo posteriormente a súa actividade profesional como adxunta ao Servizo de Medicina Intensiva do antigo Hospital Xeral durante 20 anos pasando, tras o peche deste centro, a desempeñar a mesma función no Hospital Álvaro Cunqueiro ata 2017.



Nese ano foi nomeada xefa do Servizo de Medicina Intensiva do Complexo Hospitalario de Pontevedra, cargo que desenvolveu ata a actualidade.

A doutora María del Pilar Posada González posúe unha ampla experiencia como docente, exercendo como titora de residentes no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, ademais de en múltiples cursos e seminarios de formación ao longo da súa carreira.

Así mesmo, a doutora Posada González participa habitualmente en diferentes proxectos de investigación cunha ampla difusión en publicacións e revistas médicas, ademais de ser poñente en numerosos congresos médicos e reunións científicas, moitas das que, tamén, foi organizadora.

Servizo de Uroloxía

Pola súa parte, o DOG do 30 de abril publicou a resolución da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo da convocatoria pública para a provisión do posto do xefe de Servizo



de Uroloxía co nomeamento do doutor *Enrique Cespón Outeda* tras ser aprobada a súa proposta pola Comisión de Avaliación.

Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela, realizou a especialidade de Uroloxía no Hospital Clínico de S. João, en Porto (Portugal). É, así mesmo, diplomado en Sanidade por la *Escuela Nacional de Sanidad*, e realizou o programa de doutoramento pola Universidade de Vigo. Posúe dous masters; un en Cirurxía Laparoscópica, pola EEC (París), e outro en Dirección e Xestión Sanitaria, pola Universidade de Barcelona.



A súa actividade profesional desenvolveuse nos hospitais de Ferrol, Pontevedra- Salnés e, dende o ano 2005, no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, ata a actualidade.

Desenvolveu, a súa vez, unha intensa actividade científica e profesional, participando en varios comités técnicos asistenciais a nivel autonómico. É, tamén, autor e coautor de diferentes artigos e capítulos de libros relacionados coa especialidade de Uroloxía, así como poñente en congresos científicos nacionais e internacionais.

Na actualidade, é vicepresidente da Sociedade Galega de Uroloxía.